

## EXPERIENCIA INNOVADORA: FORMACION ACTIVIDADES NAUTICAS

Lola Pena e Manuel González

AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE CARNOTA  
*dolores.pena@carnota.docoruna.es*

Todos sabemos que a formación da poboación constitúe unha ferramenta moi forte no desenvolvemento dunha zona. A cultura, os coñecementos e destrezas das persoas son os que guían e dirixen a posibilidade de desenvolvemento.

Como a maioría dos profesionais do desenvolvemento local comprobamos, ó longo da nosa traxectoria, os cambios e melloras teñen que empezar dende dentro, neste caso dende as persoas que habitan o noso Concello. Son os habitantes dos pobos os teñen que liderara estes cambios, os que teñen que tirar para que se experimente un proceso de transformación económico e social.

É responsabilidade das institucións proporcionar as ferramentas necesarias para que isto ocorra, e como indicamos antes a formación é unha destas ferramentas.

Tendo en conta estas premisas, dende a Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Carnota, intentamos proporcionar unha oferta formativa de calidade e cun sentido práctico e productivo, analizando as necesidades da zona e as posibilidades reais de inserción laboral.

Na programación AFD do ano 2010 pensamos na realización dun curso que formara a profesionais que se dedicasen a actividades náuticas. O proxecto asentábase na idea de que estes monitores náuticos puideran traballar na campaña de verán.

O proxecto formativo propúxose porque, dende o noso punto de vista, englobaba tres liñas de actuación a prol do desenvolvemento:

1. Constituía unha **formación innovadora** que capacitaría ós asistentes para unha profesión con moita demanda e con perspectiva de desenvolvemento na zona costeira de Galicia.  
Así mesmo suporía a profesionalización de persoas que tiñan coñecementos sobre a materia pero que a relacionan co ocio e o tempo de lecer, e lle daríamos un enfoque máis profesional e dirixido a que puideran gañarse a vida con elo.
2. Estes profesionais colaborarían co **desenvolvemento** do sector turístico. O aumento da oferta de actividades náuticas contribuirá a atraer turistas á esta zona, co correspondente desenvolvemento deste sector.

3. Fomentaría o **autoemprego**, ó ver e comprender as posibilidades que ten esta profesión poderíase contemplar como unha opción de autoemprego. O monitor náutico poderíase ofrecer non só como empresa con infraestrutura propia, senón tamén como profesional que podería traballar en diferentes proxectos e diferentes empresas como autónomo.

Dentro deste área unha opción de emprego podería ser ofertar actividades en colaboración con hospedaxes e hoteis facendo paquetes de aloxamento e actividades ó aire libre.

Outra opción sería o Outdoor Training, ofertando a empresas a formación tradicional con actividades e exercicio ao aire libre.

Ademais das posibilidades que esta formación proporcionaría ós asistentes, dende o punto de vista dos recursos propios do Concello, supoñía unha actividade idónea, xa que tiñamos a posibilidade de empregar instalacións e infraestrutura pertencentes a unha empresa da zona, co cal estaríamoslle xerando actividade á unha empresa local que tiña a súa actividade moi estacionalizada e ó mesmo tempo abríamoslle unha nova vía de negocio que non tiña explotada.

O que tamén valía de exemplo ós futuros monitores náuticos que se estaban a formar.

Ademais dos recursos desta empresa local, empregamos e aproveitámonos da proximidade das praias e as especiais condicións meteorolóxicas que favoreceron a realización das diferentes actividades.

A experiencia foi todo un éxito, polo que decidimos repetila este ano. Solicitando a realización deste curso á Consellería de Traballo e Benestar a través da programación AFD deste ano.